


Expectativas hoteleiras. 4º trimestre 2006

COMUNICADO


O grao de ocupación no 4º trimestre de 2006 será inferior ao do trimestre que remata segundo as expectativas indicadas polo 73,3% dos responsables de hoteis e hostais de Galicia.

O 73,3% dos responsables de hoteis e hostais galegos esperan acadar no 4º trimestre de 2006 un grao de ocupación inferior ao rexistrado no 3º trimestre de 2006.

O remate da temporada de verán maniféstase nas expectativas postas nos niveis de ocupación para o 4º trimestre de 2006. Así, o 73,3% dos responsables dos hoteis e hostais galegos manifestan que a ocupación no 4º trimestre será inferior á acadada no trimestre que agora remata. Pola contra, soamente o 2,6% opinan que o grao de ocupación aumentará no próximo trimestre. A porcentaxe restante corresponde a aqueles que esperan manter os niveis actuais de ocupación.



As previsións son acadar a máxima ocupación do trimestre no mes de outubro, cun valor esperado do 45,7%. Nos seguintes meses espérase un descenso gradual no grao de ocupación, acadando niveis do 37,5% e 32,2% nos meses de novembro e decembro de 2006 respectivamente.



Ademais, igual que en trimestres anteriores, na opinión dos responsables dos hoteis e hostais de Galicia, esta ocupación está principalmente influenciada por factores externos e pouco controlables polo propio sector, como son a situación económica xeral, a competencia que supoñen outros destinos turísticos e as condicións climatolóxicas.

Factores influentes. 4º tr. 2006

(Resposta múltiple)

Conceptos	%
Situación económica xeral	63,1
Competencia doutros destinos	36,2
Factores climatolóxicos	33,8
Promocións turísticas	13,2
Calidade espazo turístico	14,0
Calidade servizo nos establecementos	4,0
Outros	35,7

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Pola contra, entre os factores que se consideran menos influentes no grao de ocupación atópanse os conflitos internacionais e a inseguridade cidadá.

Factores non influentes. 4º tr. 2006

(Resposta múltiple)

Conceptos	%
Conflitos internacionais	62,3
Inseguridade cidadá	53,9
Prezos do transporte aéreo	18,2
Prezos de contratación	8,9
Redución da estadia media	12,9
Factores climatolóxicos	14,7
Política dos Tours operadores	10,2
Outros	18,8

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Previsión de estabilidade nos prezos, investimento privado e emprego para o 4º trimestre do 2006

A evolución prevista no 4º trimestre de 2006 para as principais variables de decisión dos responsables dos hoteis e hostais de Galicia é de xeito maioritario cara a estabilidade e mantemento dos niveis actuais.

En canto ao prezo das prazas hoteleiras, o 49,3% dos responsables de hoteis e hostais de Galicia indican unha tendencia cara a estabilidade dos mesmos, se ben existe unha porcentaxe elevada, do 48,7%, que indica unha tendencia cara o descenso dos mesmos.

No caso do investimento privado, o 63,1% dos hoteis e hostais sinalan unha tendencia cara a estabilidade dos niveis precedentes. Pola contra, o 25,2% dos mesmos indican unha tendencia cara o descenso. A porcentaxe restante sinala unha tendencia ao aumento dos niveis de investimento privado nos hoteis e hostais de Galicia.

E evolución prevista no emprego dos establecementos hoteleiros mencionados é no 55,7% dos casos cara a estabilidade, se ben o 43,9% indica unha tendencia ao descenso do mesmo. A minoría dos mesmos se sitúa cara o aumento do emprego nos hoteis e hostais de Galicia.

Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 4º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	2,0	49,3	48,7
Investimento privado	11,7	63,1	25,2
Emprego	0,4	55,7	43,9

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>